

O TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN GALEGOS. A DECLARACIÓN DE COMPOSTELA E O SEU CUMPRIMENTO NAS REDACCIÓNS GALEGAS

Luís Álvarez Pousa (autor principal), Belén Puñal, Iago Martínez, Joám Evans, Tareixa Barberena, Andrea Álvarez, Jorge González, Iván Cuevas

Grupo CIDACOM, Universidade de Santiago de Compostela (USC)

O 16 de outubro de 2004 asinou-se a Declaración de Compostela, un endecálogo promovido polo Observatorio Galego dos Medios –entidade creada ao abeiro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia– que pretendía unha mellora do tratamento informativo da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos. Tres anos despois, dende o seminario Comunicación e Xénero, integrado no grupo de investigación CIDACOM, decidiuse por en marcha un estudo que indagase no grao de aplicación acadado pola Declaración nas redaccións galegas.

A investigación adoptou a mesma concepción da violencia de xénero presente na Declaración de Compostela: como unha violencia non só física, senón tamén de carácter estrutural e simbólico, que arraiga nos modelos impostos dende a sociedade patriarcal, baseada no dominio do masculino sobre o feminino, na concesión das posicións de poder e privilexio aos homes en detrimento das mulleres. Para a concreción das manifestacións nas que cristaliza a violencia de xénero, a equipa investigadora partiu en boa medida da definición incluída na Lei Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, que entende como tal “calquera acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, e de uso xeneralizado da violencia como forma de relación entre as persoas, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada”. No estudo asúmese, polo tanto, que a violencia de xénero non é só a violencia doméstica –aquela que conseguiu entrar a formar parte da axenda dos medios– senón tamén a violencia psicolóxica, a violencia sexual, o acoso laboral, a violencia contra as nenas, o incesto e a prostitución e o tráfico de mulleres.

O fin principal da investigación –analizar o grao de seguimento da Declaración de Compostela nos medios galegos– concreouse en dous obxectivos: por unha banda, analizar a representación da violencia de xénero nos mesmos; por outra, xa no eido da

producción informativa, indagar o grao de coñecemento e aplicación do endecálogo por parte das e dos profesionais dos medios.

En función desta finalidade dupla deseñouse a metodoloxía de traballo, baseada en dúas técnicas de investigación, a análise de contido e as entrevistas en profundidade, que foron aplicadas a todos os xornais galegos, agás *Diario de Bergantiños*, e aos audiovisuais de ámbito autonómico con sé empresarial radicada en Galicia –a televisión e a radio pública, é dicir, Televisión de Galicia e Radio Galega, e mais RadioVoz–.

A análise de contido centrouse no mes de setembro de 2007. Foron analizados os xornais publicados entre o 1 e o 30 de setembro e a edición do mediodía dos informativos dos medios audiovisuais. Estruturouse sobre un conxunto de 33 variábeis que pretendían determinar o grao de cumprimento de cada un dos once puntos que conforman a Declaración de Compostela. Pola súa banda, as entrevistas en profundidade –realizadas a un ou unha xornalista por medio, encargados no día a día da elaboración da información sobre violencia de xénero– baseáronse nun cuestionario conformado por seis bloques: 1) Concepción de violencia de xénero, é dicir, o que a ou o xornalista entende por tal; 2) Grao de coñecemento da Declaración de Compostela; 3) Valoración da Declaración de Compostela e das posibilidades de aplicación na súa redacción; 4) Rutinas de traballo utilizadas para a abordaxe informativa da violencia de xénero; 5) Dificultades no tratamento da violencia de xénero; e 6) Proposta de alternativas para un tratamento máis adecuado da violencia de xénero.

Marco teórico

O presente traballo ha de contextualizarse na liña de investigación sobre comunicación e xénero, que bebe así mesmo no marco máis xeral que, con diferentes matices, estableceron os estudos de xénero, feministas ou das mulleres. É no ámbito de intersección das análises da comunicación e os estudos de xénero, feministas ou das mulleres, no que se sitúa a liña de investigación sobre a representación da violencia de xénero nos medios.

Malia que a investigación en comunicación no marco dos estudos das mulleres, feministas ou de xénero xermola no estado español fundamentalmente nos 80 –en 1983, Fagoaga e Secanella publican *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española*– porén non será até principios dos 90 cando detectemos as primeiras investigacións centradas na representación da violencia de xénero. Precisamente será Fagoaga, tamén pioneira na análise sobre o tratamento informativo da violencia de

xénero en España. No seu traballo de investigación ao respecto –cuxos resultados poden consultarse no artigo “Comunicando violencia contra las mujeres”, publicado na revista *Estudios sobre el mensaje periodístico* en 1994, e no estudo *La violencia en medios de comunicación. Maltrato en la pareja y agresión sexual* de 1999– realízase unha análise de contido diacrónica que permite ver a evolución da abordaxe informativa da violencia de xénero en varios medios dende finais dos 70 até finais dos 90.

Trala conmoción mediática ocasionada polo asasinato de Ana Orantes a mans da súa ex parella pouco despois de deitar o seu testemuño nun *talk show* da televisión pública andaluza, intensifícase a investigación neste eido. Destacan traballos de autoras como Eulalia Lledó, Pilar López Díez ou Natalia Fernández. Estudos dos que pode extraerse unha completa análise dos puntos febles dos medios de comunicación na abordaxe mediática da violencia de xénero: o seu tratamento fundamentalmente como crónica negra, descontextualizado da problemática social na que se enmarca; a focalización na violencia de xénero que ten lugar no ámbito doméstico, deixando á marxe da conceptualización como tal das restantes manifestacións da mesma; a ausencia dunha concepción que englobe a violencia de xénero como violencia estrutural; a difusión de estereotipos que culpabilizan á vítima e lexitiman ao agresor, o tratamento sensacionalista como gancho para a audiencia, a violación do dereito ao anonimato das vítimas e dos seus familiares, a falta de axencia feminina, a ausencia dun tratamento en profundidade, de carácter interdisciplinar, que afonde nas causas e nas consecuencias, o predominio das fontes policiais e xudiciais na elaboración da información...

En Galicia faltaba, porén, unha análise que dese conta da representación da violencia de xénero que tivese como centro os medios de comunicación galegos, oco que pretende axudar a cubrir a presente investigación.

O tratamento da violencia de xénero nos medios galegos

De seguido analizaremos, deténdonos en cada un dos apartados que conforman a Declaración, o grao de cumprimento dos mesmos nos medios analizados.

1) A violencia de xénero baséase nun modelo patriarcal de sociedade no que o rol feminino estivo e está supeditado ao masculino.

Tan só un cuarto do total de informacións publicadas na prensa escrita insiren algún concepto que defina a problemática da violencia de xénero (violencia de xénero, violencia sexista, violencia contra as mulleres, violencia doméstica, violencia

familiar...), o que é índice dun tratamento informativo baseado na cobertura de acontecementos episódicos (polo xeral, sucesos) que non adoitan ser encadrados no contexto do que beben (as desigualdades entre xéneros que asentan na sociedade patriarcal).¹ Ademais, o uso de termos definitorios da violencia de xénero ten lugar sobre todo para facer referencia á violencia no ámbito da parella, o que amosa as dificultades dos xornais para identificar como tal aquelas caras desta realidade que vaian máis aló da violencia no ámbito da parella. Canto aos medios audiovisuais, agás RadioVoz, que identifica a problemática no 67% dos casos, o panorama é aínda máis precario. Mentres Radio Galega incumpre esta indicación en toda a súa produción informativa, a televisión pública só enmarca a violencia nun 12% das pezas analizadas, ben como “violencia machista” ou ben como “violencia sexista”, e sempre dentro do ámbito da violencia inserida na institución da parella.

PRESENZA DO CONCEPTO VIOLENCIA DE XÉNERO %															
Medio	GH	ECG	IG	DP	LR	AD	DA	DF	LVG	FV	EP	LO	TVG	RG	RV
Si	29,4	39,1	38,5	22,9	18,8	23,5	53,6	27	8,3	8	17,1	15,2	12	0	67
Non	70,6	60,9	61,5	77,1	81,3	76,5	46,4	73	91,7	92	82,9	84,8	88	100	33
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

2) *Este tipo de violencia non só se manifesta nos malos tratos dentro do ámbito doméstico, senón tamén nos abusos e agresións sexuais, no acoso laboral, na prostitución, e na violencia específica e singular contra as nenas.*

Os xornais galegos acostuman visibilizar a violencia de xénero só cando esta se manifesta como asasinato ou agresión extrema a unha muller, mais deixa ás escuras a gran parte do iceberg que permanece oculta tras esa superficie. Na maioría dos casos, como pode verse no cadro que se adxunta, as informacións fan referencia a violencia doméstica e abusos e agresións sexuais. Apenas se inclúen pezas que aborden outras manifestacións da violencia de xénero. Idéntica tendencia é a que amosan os medios audiovisuais, que silencian sistematicamente os casos de acoso laboral sobre a muller e centran a súa atención na violencia doméstica (entre o 17% e o 30%) e a violencia doméstica ou na parella, que chega a protagonizar o 83% das pezas de RadioVoz.

¹ Porén, existen diferencias notábeis entre medios, o que podemos ver no cadro titulado *Presenza do concepto de violencia de xénero*, no que aparecen desglosados en porcentaxes –como en todas as táboas– os datos referidos a cada un dos casos estudados: *Galicia Hoxe* (GH), *El Correo Gallego* (ECG), *Ideal Gallego* (IG), *Diario de Pontevedra* (DP), *La Región* (LR), *Atlántico Diario* (AD), *Diario de Arousa* (DA), *Diario de Ferrol* (DF), *La Voz de Galicia* (LVG), *Faro de Vigo* (FV), *El Progreso* (EP), *La Opinión* (LO), *Televisión de Galicia* (TVG), *Radio Galega* (RG) e *RadioVoz* (RV).

TIPO DE VIOLENCIA DE XÉNERO															
Medio	GH	ECG	IG	DP	LR	AD	DA	DF	LVG	FV	EP	LO	TVG	RG	RV
Agresións sexuais	11,8	21,7	25	42,9	14,6	11,8	32,1	24,3	37,5	22	23,7	18,2	30	17	17
Acoso laboral	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Prostitución	0	4,3	3,8	0	2,1	11,8	14,3	5,4	0	4	7,9	6,1	17	17	0
Violencia Contra as nenas	17,6	4,3	11,5	2,9	14,6	17,6	3,6	16,2	14,6	14	7,9	12,1	4	17	0
Violencia doméstica	58,8	47,8	38,5	37,1	52,1	58,8	42,9	35,1	33,3	44	44,7	54,5	33	17	83
Outras	11,8	21,7	21,2	17,1	16,7	0	7,1	18,9	14,6	16	15,8	9,1	13	32	0
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	0	100

3) *Medios e xornalistas enfocarán estas agresións como unha violación dos dereitos humanos, e como un atentado contra a liberdade e a dignidade das persoas.*

É este un dos apartados da Declaración que menos cumpren os xornais galegos. Mostra disto é que só en 4 do total de 423 pezas analizadas caracterizan a violencia de xénero como violación dos dereitos humanos. Tal identificación adoita vir da man, non do ou da xornalista que elabora a información, senón dalgunha fonte de carácter institucional, cuxas declaracións son reproducidas no medio, que a inclúe no seu discurso. No caso do audiovisual, mentres nos medios públicos esta identificación está totalmente ausente, RadioVoz rexistra un caso: no marco dun balance de agresións a mulleres, empréganse expresións como “lacra social” ou “sinrazón”.

4) *Ante este tipo de delitos non cabe a neutralidade. Medios e xornalistas adoptarán un compromiso activo na denuncia da violencia de xénero, incentivando a toma de conciencia social sobre a problemática que comporta.*

Ben ao contrario do que indica a Declaración de Compostela, na maioría dos xornais analizados, o enfoque predominante é o neutral (no 65,4% das pezas analizadas na prensa) agás en dous medios, *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, no que predomina o posicionamento condenatorio (dende o que se abordan o 29,9% de pezas do conxunto da mostra). Ese *ethos* distanciado e neutral, moi instalado na deontoloxía maioritaria, aparece tamén no sector audiovisual, representando entre o 71% e o 100% das informacións en TVG e RadioVoz respectivamente. Naquelas informacións nas que se introducen elementos xustificadores (o 4,7% sobre o total dos medios escritos, porque nos audiovisuais non aparece este fenómeno) estes non adoitan vir da man da redacción da ou do xornalista. Son inseridos dunha maneira máis sutil, en boca dos testemuños que o ou a redactora decide incluír na peza que elabora.

5) *Medios e xornalistas afrontarán informativamente estes casos como un problema social, e tentarán enmarcalos sempre na problemática xeral da violencia contra as mulleres. En consecuencia, non se tratarán como casos illados de crónica negra, obviando o seu emprazamento nas páxinas ou bloques informativos destinados aos sucesos.*

En tres dos xornais analizados, en concreto, en *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo* e *Atlántico Diario*, a maioría das pezas sobre violencia de xénero son publicadas na sección Sucesos. Naqueles xornais que non contan con tal sección, a información é inserida en Sociedade ou nalgunha das seccións xeográficas, sobre todo en Local. Porén, independentemente de que a información sexa abordada nunha ou outra sección, a perspectiva da crónica negra é a predominante (no 52% do total de informacións publicadas na prensa), seguida da perspectiva xudicial (no 22,6% das pezas), dato que revela unha vez máis o tratamento maioritario da violencia de xénero como crónica negra e a ausencia dunha abordaxe interdisciplinar da mesma (apenas se aborda a información dende perspectivas como a cultural, a legal, a económica, a científica...).

SECCIÓN NA QUE SE ENMARCAN AS INFORMACIÓNS															
Medio	GH	ECG	IG	DP	LR	AD	DA	DF	LVG	FV	EP	LO	TVG	RG	RV
Comunicación	0	0	1,9	0	0	0	3,6	0	0	0	0	0	0	0	0
Cultura	0	0	0	0	0	0	0	0	2,1	0	2,9	0	0	0	0
Deportes	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Economía	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Especiais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Estatat	0	0	3,8	22,9	37,5	23,5	0	2,7	39,6	0	40	0	0	16,5	17
Galicia	0	0	13,5	17,1	16,7	0	7,1	18,9	35,4	4	8,6	0	4	16,5	66
Internacional	0	0	0	0	6,3	5,9	0	2,7	6,3	2	0	0	0	0	0
Local	0	4,3	13,5	45,7	35,4	0	35,7	8,1	6,3	10	45,7	12,1	0	0	17
Sociedade	100	39,1	67,3	0	4,2	0	53,6	67,6	0	2	2,9	69,7	4	0	0
Sucesos	0	56,5	0	14,3	0	70,6	0	0	0	66	0	12,1	92	67	0
Suplementos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Outros	0	0	0	0	0	0	0	0	10,4	16	0	6,1	0	0	0
Total	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

No caso dos medios audiovisuais, agás en RadioVoz, onde si organizan os contidos segundo un criterio territorial (66% en Galicia, 17% en Estatal e 17% en Local), non é doado establecer seccións diferenciadas. Con todo, atendendo a criterios

análogos (xénero, presentación...) e igualmente operativos, podemos asegurar que o emprazamento máis común é o de Sucesos, onde van parar o 67% das pezas de Radio Galega e o 92% das de Televisión de Galicia. Isto é coherente coa perspectiva dende a que se producen estes relatos, adscrita á crónica negra no 71% das informacións da televisión pública e no 83% dos contidos de Radio Galega e RadioVoz.

6) Evitar o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo –tanto no tratamento do texto como das imaxes–, o que obriga aos medios audiovisuais a coidar non só a recollida de imaxes e son, senón tamén a súa edición e difusión, desbotando os recursos propios dos “reality shows”, dos programas de sucesos ou das series de ficción.

En maior ou menor medida, dependendo do xornal, segue a botarse man de recursos como o sensacionalismo, o morbo e o dramatismo. O uso e abuso deste tipo de recursos está en estreita relación co tratamento como crónica negra da información. As estratexias utilizadas con maior frecuencia polos medios galegos –nomeadamente no televisivo, que emprega adoito recursos narrativos da ficción– para a incidencia naqueles elementos máis efectistas da información son as que seguen:

1.- O profusión de detalles arredor do “como”, da descrición do acontecido. Neste senso, varias informacións das analizadas detéñense polo miúdo na explicación dos danos sufridos pola vítima, tanto viva como morta.

2.- O emprego de recursos narrativos e literarios, eco dos relatos de crónica negra, o que supón un dobre risco: por unha banda, a incidencia naqueles elementos máis efectistas da información, en detrimento dun trato máis reflexivo da mesma; por outra, o feito de que a través deste tipo de recursos se colen con certa frecuencia os estereotipos sexistas cos que tradicionalmente se relatou a violencia de xénero.

3.- O destaque naqueles elementos máis visíbeis da información (titulares, antetítulos, subtítulos, ladiños...) daqueles aspectos que inciden no morbo, no drama e no sensacionalismo, utilizados así como gancho para atraer ao público lector. Nalgúns casos, o carácter efectista convértese nun criterio de noticiabilidade máis á hora de incluír unha determinada información en axenda.

4.- O recurso ao testemuño das persoas próximas á vítima co fin de insistir naqueles elementos máis dramáticos da información.

Na televisión, esta tendencia é máis común na selección e edición das imaxes ca na elaboración e dicción dos textos, e como hipótese para explicalo poderíase apuntar que entanto o morbo está claramente instalado nas propias convencións narrativas dos

informativos de TVG –nas televisións en xeral–, a produción de textos está máis sometida á cultura deontolóxica da profesión.

7) Respetar o dereito á intimidade e á dignidade das persoas agredidas, especialmente cando se trate de menores de idade, garantindo o seu anonimato, polo que medios e xornalistas absteranse de difundir datos e imaxes que as poidan identificar sen antes obter o seu consentimento, respectando en todo caso o seu dereito a non facilitar a información que se lle demande.

A identificación directa da vítima –que acontece nun 12,5% do total de informacións analizadas na prensa– adoita ter lugar cando esta faleceu. Aínda así, cando os xornais estudados están a referirse a vítimas vivas, inclúen abondosos elementos que permiten unha identificación máis ou menos sinxela das mesmas. Nun 18,2% das informacións de prensa inclúense datos significativos e nun 1,4% a identidade é delatada polas imaxes publicadas. Mediante a indicación de datos como as iniciais do nome, a nacionalidade e a localidade na que vive a vítima ou a inclusión de fotografías ben reveladoras que dan conta, por exemplo, da vivenda ou barrio no que habita, os medios seguen a violar o seu dereito á intimidade. No caso das mulleres falecidas, a súa identificación vulnera así mesmo o anonimato das persoas próximas á vítima.

Máis frecuente é a identificación do agresor (no 31,2% dos casos), mesmo en casos nos que aínda non foi xulgado nin condenado en firme. Viólase deste xeito o prescrito polas normas deontolóxicas do xornalismo canto ao respecto á presunción de inocencia. Porén, cando o agresor foi xa xulgado, a súa condena por parte do medio debe ser firme, mesmo –tal e como indican expertas como Pilar López Díez- é aconsellable que esta sexa levada a cabo cando o propio agresor se autoinculpou, incluso aínda que non exista condena en firme. En todo caso, a identificación do agresor debe realizarse sempre mediante a explicitación do seu perfil e *modus operandi*.

No caso dos medios audiovisuais tamén se constata que o falecemento da vítima se utiliza como elemento lexitimador para a súa identificación, que se dá no 12% das pezas de TVG e no 33%, nun grao ou noutro, dos contidos de Radio Galega e RadioVoz. Porén, cómpre sinalar que na maioría das informacións televisivas se fornece algún dato ou circunstancia (imaxe da rúa na que vive a vítima, imaxe do negocio familiar, lugar onde se produciu a agresión...) que permite, cando menos, situar á vítima no seu contorno social, sobre todo porque en poboacións pequenas calquera elemento secundario é decisivo. Os agresores, pola súa banda, son identificados no 50% das

informacións radiofónicas e no 59% das televisivas, observándose tamén unha precisión gradual nesta identificación, isto é, que a súa detención ou a súa condea efectiva diante dun xuíz –por caso– semellan ser os factores que moven e/ou lexitiman aos xornalistas a pasar dunha identificación relativa, a través de datos significativos pero non exclusivos do suxeito, a unha identificación directa, ben con nome e apelidos completos ou ben amosando a súa imaxe diante da cámara no caso da televisión pública.

8) Para afrontar estes casos de violencia coa sensibilidade e o rigor profesional que esixen as vítimas e demandan os sectores máis concienciados da sociedade, faise necesario un tratamento especializado dos mesmos, afondando nas súas causas e nas súas consecuencias, o que comporta afrontalos con perspectiva interdisciplinar (social, económica, política, cultural...).

É inexistente nos medios galegos en xeral un tratamento especializado da violencia de xénero. Os enfoques predominantes á hora de elaborar a información son a crónica negra e a xudicial. O resto das perspectivas son practicamente residuais.

A información está orientada á cobertura do acontecemento. De acordo co dito, o tratamento da violencia de xénero como tema, e non como acontecemento puntual, cinguese no caso dos xornais ao 23% do total de informacións, e os xéneros predominantes son aqueles que se centran na abordaxe do esqueleto informativo básico dos feitos de actualidade (o 80,6% das pezas analizadas son noticias e o 10,2% breves, fronte a só un 1,7% de reportaxes, un 1,2% de artigos de opinión centrados na violencia de xénero e a ausencia total de entrevistas). O mesmo acontece nos medios audiovisuais: o 84,5% das pezas están orientadas ao acontecemento e o emprego da noticia como vehículo informativo móvese entre o 83% e o 100%.

Mostra da falta de iniciativa dos medios á hora de abordar a violencia de xénero é o feito de que unha parte elevada das informacións de prensa estea asinada por axencias (56,1%), o que, xunto cun 9,3% de información sen asinar e un 17,1% de pezas rubricadas por redacción ou cunha sinatura colectiva, implica unha porcentaxe ben elevada de información cuxa autoría non se responsabiliza directamente a persoa que a elabora. Só nun 17,4% o nome do redactor ou redactora aparece explícito.

Tamén é reducida a introdución na información das causas da violencia de xénero –presente no 0,7% das informacións de prensa e no 5,5% das audiovisuais– e das consecuencias –no 6,6% dos casos analizados en medios escritos e no 32% dos

audiovisuais-. Maior é a inserción e explicación dos antecedentes do caso concreto do que se fala, no 21,7% das informacións da prensa e no 44,5% no audiovisual.

9) Coidar a relación coas fontes, que han ser diversas e plurais, sen cingirse exclusivamente por iso ás oficiais, tendo en conta sempre aquelas fontes expertas que contribúan a contextualizar informativamente non só o suceso en si, senón tamén os procesos aos que se terá que enfrontar con posterioridade a vítima (acollida e asistencia, tribunais, situación laboral, vivenda...), desbotando os testemuños de fontes espontáneas cando non acheguen datos relevantes par a información.

Nos xornais, lonxe do aconsellado na Declaración de Compostela, a maior parte das fontes son de carácter institucional –presentes no 76,8% das informacións–, e sobre todo proceden dos ámbitos policial –con fontes no 43,7% das pezas analizadas– e xudicial –no 22% das informacións obxecto de estudo–. O recurso a voces expertas queda limitado ao 7,8% das informacións, malia a seren fontes de gran importancia á hora de abordar a problemática da violencia de xénero en toda a súa complexidade, a fondo e dende unha perspectiva interdisciplinar. Menor é aínda a inclusión de fontes procedentes do tecido asociativo –do que se bota man no 5,2% dos textos–. Máis frecuente é porén –tamén en contra do recomendado na Declaración– o recurso a fontes testemuñais, conformadas na súa maior parte por familiares ou veciños e veciñas que dan testemuño espontáneo do acontecido, e serven con frecuencia de correa de transmisión de todo tipo de estereotipos sexistas arredor da violencia de xénero.

No caso dos audiovisuais, e particularmente dos medios públicos, obsérvase un abuso indiscriminado das fontes oficiais –arredor do 98%–, sobre todo dos ámbitos policial e xudicial, que ten como complemento case inevitable unha escasísima presenza de voces expertas (17%) ou procedentes do tecido asociativo de mulleres –8,5%–. Seguindo con TVG e Radio Galega, conséntase na mostra analizada outro abuso con consecuencias moi negativas para a calidade da información: a través do emprego excesivo de fontes testemuñais (54%) introdúcense elementos xustificadores da conducta dos agresores, como veremos máis adiante.

10) Facilitar información útil e de servizo ás mulleres afectadas, explicándolles os recursos dos que dispoñen –casas de acollida, asesoramente psicolóxico, trámites xudiciais, axudas da administración...– para afrontar a súa situación con garantía e así conseguir superala.

Tan só en 13 das 423 pezas analizadas nos xornais galegos –e en ningunha no caso dos medios audiovisuais– se inclúe información útil e de servizo que poida axudar ás mulleres que padecen violencia de xénero a saír desta situación. Non existe unha rutina establecida de inclusión de datos útiles –teléfonos de interese, por exemplo– ao pé das informacións sobre violencia de xénero, co cal se está a incumprir por completo este apartado da Declaración de Compostela.

11) Medios e xornalistas evitarán os estereotipos, prexuizos e tópicos ligados á violencia contra as mulleres: Os malos tratos non son froito dun “feito pasional”, son un delito; Os malos tratos son un feito transversal a todos os estratos sociais, non se producen estritamente entre clases marxinais; A vítima nunca é responsábel do feito violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que a culpabilice; O agresor é o único responsábel do acto violento, polo que é preciso evitar un tratamento informativo que o xustifique, como sucede sempre que se bota man doutras circunstancias persoais (alcoholismo, ciumes...) alleas ao feito en si, desbotando en consecuencia todo aquilo que puidese asegurarlle a impunidad; A linguaxe sexista reforza a dominación simbólica contra as mulleres, polo que é imperativo desbotala do relato xornalístico.

O “matouna por amor” foi superado en boa medida polos medios galegos. Porén, aínda é frecuente a inclusión de antecedentes do feito que fan referencia a unha relación conflitiva previa da parella, o que dalgún modo configura o asasinato ou a agresión como o cumio dunha tensión en alza. Non é frecuente, tampouco, que se ligue á violencia de xénero cunha determinada clase social, mais na análise de campo desta investigación detectamos que segue habendo casos nos que así se fai e, cando isto acontece, a violencia sexista adoita ligarse ás clases marxinais.

Son escasas tamén as pezas nas que se culpabiliza á vítima, mais seguimos a detectar informacións nas que isto acontece, sobre todo canto a agredida está ligada a ambientes marxinais, como o mundo da drogadicción ou a prostitución. Tampouco é frecuente, por outra banda, a xustificación do agresor. Cando se introduce adoita vir da man das voces testemuñais ou da referencia a circunstancias xustificadoras (drogas, problemas mentais, ambientes marxinais, conflitos previos da parella...).

Non detectamos o uso dunha linguaxe explicitamente denigratoria para coas mulleres na redacción da información. Porén, en ocasións, o uso de termos denigratorios fíltrase nas declaracións inseridas (sobre todo as procedentes de fontes

testemuñais). Mais a discriminación é implícita canto que é xeralizado nos medios –ao igual que acontece na sociedade– o uso da linguaxe dende unha perspectiva androcéntrica e a aplicación de diferentes estratexias sexistas, inherentes ao uso diario da linguaxe, que outorgan un trato asimétrico a mulleres e homes.

Entrevistas en profundidade

En relación aos conceptos empregados para designar á violencia exercida por un home contra unha muller polo feito de selo, cabe destacar a dúbida dos e das xornalistas á hora de entender o valor e significado de cada opción, deixándose levar maioritariamente polas prácticas habituais nos restantes medios. Ante este caos terminolóxico, tampouco existen convencións ou regras de estilo no medio –87% dos casos– que determinen que termos deben usarse e cando ‘existen’ non aportan ningún tipo de aclaración.

En relación á Declaración, queda claro que a inmensa maioría dos e das entrevistados/a (75%) descoñece o texto. Dos/as catro que dan unha resposta afirmativa, dúas teñen dúbidas sobre os seus contidos, e a totalidade cre que non se aplica no seu medio. A maioría culpa ás rutinas e á falta de tempo.

Entrando xa nas rutinas dos xornalistas ante casos de violencia de xénero, a maior parte dos xornalistas alegan que o factor xeográfico condiciona enormemente a posibilidade de abordaren directamente os feitos noticiosos, partindo para as axencias en todos os casos se se saen do seu marco de actuación. En todo caso, as forzas e corpos de seguranza do Estado (Policía Nacional, Local ou Garda Civil) é o medio máis consultado e ao que se acode en primeira instancia, a pesar do seu hermetismo e das limitacións informativas que impón. En segunda instancia, e no caso de que se presenten danos, os centros médicos e servizos sanitarios tamén resultan unha fonte recurrente. Cando se estima que a situación ten a ‘relevancia suficiente’ pode optarse por entrevistar a veciños, familiares ou outras fontes testimoniais, aínda que os propios xornalistas non dan excesivo crédito ás mesmas. Finalmente, os xuzgados son a fonte final para a confirmación de datos, aínda que xa nun estadio posterior.

Precisamente, cuestionados polas dificultades á hora do tratamento da violencia de xénero, a maioría coloca a falta de transparencia e opacidade dos corpos e forzas de seguranza públicos á hora de proporcionar información a este respecto como o obstáculo máis grave. Unha parte significativa da mostra tamén indica os seus recelos por “non saber como tratar un tema tan delicado”, estando esta cuestión ligada aos

resultados da última cuestión, referente ao melloramento do tratamento. Finalmente, grande parte dos e das xornalistas alegan en diversos momentos da entrevista as dificultades inherentes á propia natureza da estrutura dos medios de comunicación galegos (falta de persoal, tempo, recursos, ...).

En relación á disposición dos contidos no medio destaca que o 37% dos e das entrevistados/as inclúen habitualmente os casos de violencia de xénero na sección de Sucesos, seguida de Local ou Comarcas co 31% –debido á particular estrutura dos medios galegos–, Sociedade co 19% e Galicia co 13%.

Cuestionados sobre a posibilidade de introducir ou non o nome completo da vítima, o 81% responde de forma rotunda que non, mentres tres casos (que supoñen o 19%) respostan ‘depende’, un en función de como aparece reflexado no teletipo e outro segundo a policía divulgue ou non este dato. No caso do agresor, o 69% incluíría de forma habitual as iniciais –e unha parte o nome completo unha vez que exista sentenza firme– mentres 31% non o incluíría en ningún caso. En relación ás imaxes –das que obviamente se exclúen os dous medios radiofónicos incluídos na mostra–, o 86% incluíría fotografías ou imaxes fílmicas do agresor –frente ao 14% que non as incluíría– aínda que nun dos casos especificábase que só se introducirían de non verse a cara e noutro só se está detido. No caso das imaxes da vítima, o 57% recusa a posibilidade, mentres o 29% só incluírían a fotografía se a vítima accedese e o 14% afirman que si se publicaría a fotografía se existise.

Cuestionados sobre as fontes que soen consultar para publicar a noticia, os/as xornalistas coinciden en 10 fontes principais, aínda que dúas delas (agresor e Sergas) son bastante minoritarias (1,25% cada unha). Tamén pouco consultados son os Centros de Información da Muller, aos que só acode o 3,4% dos/as profesionais. Este índice non está moi afastado dos 5,9% das fontes expertas utilizadas polas/as profesionais da comunicación, entre as que se destacan axentes sociais. Por outra banda, o 11,25% dos/as entrevistados/as admite utilizar “fontes testemuñais”, nalgúns casos xa descritas como veciños, co 15,6%, seguidos dos familiares, co 6,2%.

Non obstante, as tres fontes máis consultadas son os tribunais ou xulgados (11,2%), as axencias (15%), bastante presentes nos casos ocorridos fóra de Galicia e, finalmente, os corpos e forzas de seguranza co 28,7%. Esta última, indicada por todos/as aqueles/as entrevistados/as, xeralmente é recoñecida pola pouca información, bastante sometida a uns padróns que normalmente se reducen a iniciais, datos do feito e pouco máis. Así, relacionando cuantitativamente o tipo de información ofrecida pola

fonte policial, os/as xornalistas recoñecen que o 35% da información son as iniciais do agresor, o 35% relacionada ao propio feito en si, o 22,5% sobre local ou hora do feito, o 5% sobre orixe ou outros datos do agresor –estado civil, profesión, etc...– e, finalmente, co 2,5% os posíbeis antecedentes deste.

Finalmente, cando se lles pregunta de que maneira se podería mellorar o tratamento da violencia de xénero no seu medio, as/os xornalistas teñen respostas bastante diversas e distintas aínda que o 25% inician a súa resposta coa idea de que non saben o que facer. De feito, hai casos nos que a resposta é bastante optimista, chegándose a dicir que se cre que, polo menos na teoría, estase “xenial”, e que se trata ben e seriamente os casos de violencia de xénero, ademais de xulgar que, actualmente, especialmente debido a que se publican con frecuencia estes casos, xa non hai tanto morbo por parte tanto dos/das profesionais da comunicación como dos/das lectores/as. Resposta que se contradí coa do 12% dos/as profesionais que, no mesmo sentido, cren que fai falta, antes de todo, evitar tratar os feitos con morbo.

Noutro sentido, cuestiónanse os obxectivos de se publicar este tipo de noticias. Por unha banda, os/as profesionais levantan a problemática –na que non cren– do “efecto chamada”, que presupón que a publicación destes feitos provoca un maior número deles. Por outra, estase de acordo con que se debe publicar estas noticias para que actúen como un dispositivo inhibitor da violencia de xénero, debéndose especialmente dar seguimento –algo que, conforme algún/ha profesional, non se soe facer– sobre todo cando se chega a condenar o agresor.

Noutro sentido complementario, cuestiónase a rigorosidade do que se publica e a falta de confirmación de certas fontes, datos ou acontecementos. De feito, isto preocupa ás a aos: o 12,5% cre que hai problemas coa fiabilidade das fontes, mentres que o 6,25% cre que fai falta ter máis datos, especialmente sobre o agresor. Ademais, o 25% cre que protexer a identidade das vítimas sería unha maneira de mellorar o tratamento.

Para finalizar, hai unha concienciación de que a problemática merece máis atención e o 37,5% reclama que haxa máis formación levada a cabo por expertas/os na temática, para que poidan perfeccionar a forma de tratar estes casos. Para iso, afirman, é necesaria unha posta en común da parte de profesionais da comunicación, policía, xulgados, institucións, estudosos, partes implicadas para sacar a luz as dificultades e, en coordinación e axuste coas necesidades, criterios e particularidades que cada unha das partes poida levantar.

Bibliografía

- BOURDIEU, P.: *La dominación masculina*, Barcelona, Anagrama, 2000
- FAGOAGA, C.: “Comunicando violencia contra las mujeres”, *Estudios sobre el mensaje periodístico* (Madrid), 1 (1994), p. 67-90
- FAGOAGA, C.: *La violencia en medios de comunicación. Maltrato en la pareja y agresión sexual*, Madrid, Dirección General de la Mujer, 1999
- FAGOAGA, C.: “Los discursos de la prostitución en la prensa española”. *Congreso internacional Derechos humanos y prostitución*, Madrid, Área de Gobierno de Empleo y Servicios a la Ciudadanía, Dirección General de Igualdad de Oportunidades, Ayuntamiento de Madrid, 2007
- FERNÁNDEZ DÍAZ, Natalia: *La violencia sexual y su representación en la prensa*. Barcelona, Anthropos editorial, 2003.
- IORTV e INSTITUTO DE LA MUJER: *I Foro nacional. Mujer, violencia y medios de comunicación*, Madrid, Instituto de la Mujer y RTVE, 2002
- LLEDÓ CUNILL, E.: *Como tratar bien a los malos tratos*. Instituto Andaluz de la Mujer, 1998
- LÓPEZ DÍEZ, P. (Ed.): *Manual de información en género*, Madrid, IORTV e Instituto de la Mujer, 2004
- LÓPEZ DÍEZ, P. (Ed.): (ed): *Representación de la violencia de género en los informativos de TVE*, Madrid, Instituto Oficial de Radio y Televisión, 2006
- PUNHAL RAMA, A., PERNAS BELLAS, M.: “A imaxe da muller reflectida na prensa galega. O tratamento da violencia de xénero en La Voz de Galicia e El Correo Gallego”, *Ciências da Comunicação em Congresso na Covilhã. Actas do III Sopcom, VI Lusocom e II Ibérico*. Volume III, Covilhã, Universidade da Beira Interior, 2005
- PUNHAL RAMA, A. “Medios de comunicación e violencia de xénero. Declaración de Compostela. Cara un correcto tratamento informativo da violencia contra as mulleres”. *Informe da comunicación 2005-2005*. Santiago de Compostela, Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, 2005
- SÁNCHEZ, J.. et al.: *Mujer publicada mujer mal tratada*, Pamplona, Instituto Navarro de la Mujer, 2003
- OBSERVATORIO DOS MEDIOS E COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA. (ed): Actas das xornadas “Violencia contra as mulleres e medios de comunicación”, Santiago de Compostela, 2005 (inédito)